

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO**

RESOLUCIÓN do 17 de agosto de 2021 pola que se fai público o incremento do crédito das axudas previstas na Resolución do 29 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos, e se establece a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento MT402A).

A Resolución do 29 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos, e se establece a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento MT402A), establece no seu punto sexto 2 que ás axudas que se establecen na devandita resolución se destina un orzamento total de 1.000.000 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 08.80.541E.780.00, código de proxecto 2021 00002, dos orzamentos do Instituto de Estudos do Territorio para o ano 2021.

Esta resolución establece ademais que, de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co previsto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establécese este orzamento sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que poderá dar lugar á posibilidade de atender novas solicitudes, que poderán recibir a subvención oportuna.

Nestes casos, o órgano concedente deberá publicar a ampliación de crédito nos mesmos medios en que publicou a convocatoria sen que esta publicación implique unha apertura do prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo dos prazos para resolver.

Dada a insuficiencia de crédito da Resolución do 29 de marzo de 2021 para facer fronte ao importe que supón atender todas as solicitudes presentadas, parece oportuno incrementalala en 200.000 euros máis, debido a que existe crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 08.80.541E.780.00 que cumpre os requisitos establecidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Con este incremento preténdese dar cumprimento ao obxectivo de aumentar a sensibilidade cidadá en relación coas alteracións ou impactos en relación coa paisaxe, é dicir, nas



cales diversas actuacións xeraron transformacións que deterioraron o carácter ou a calidade da paisaxe, así como sensibilizar e fomentar a colaboración cidadá en coordinación coas administracións públicas.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

RESOLVO:

Punto único. *Incremento dos créditos*

Incrementábase o crédito destinado ao financiamento das axudas previstas na Resolución do 29 de marzo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência non competitiva, das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos, e se establece a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento MT402A). O importe total do devandito incremento, que se realizará na aplicación orzamentaria 08.80.541E.780.00, é o seguinte.

Código de proxecto	Importe
2021 00002	200.000 €

A publicación desta resolución non supón a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2021

Ángeles Vázquez Mejuto
Presidenta do Instituto de Estudos do Territorio

